

# Patrimonio e Nova Escola Galega achegan os museos ao mundo educativo

de voz, 28/10/06

LA VOZ | SANTIAGO

■ A Dirección Xeral de Patrimonio e Nova Escola Galega abriron unha liña de colaboración para promover, difundir e potenciar as actividades educativas dos museos de Galicia, que se inicia cunha exposición e unhas xornadas no Museo do Pobo Galego.

O obxectivo é coordinarse co mundo do ensino para realizar accións co patrimonio cultural, entendendo por tal o que está dentro dos museos e fóra deles. Pretenden poñer en marcha un espazo de reflexión e debate en relación cos recursos pedagóxicos dos museos e a súa difusión no mundo educativo. As xornadas serán os catro sábados de novembro e terán un enfoque interdisciplinar.

A exposición será de materiais didácticos e programas educativos estables dos museos e algunha peza. Servizo pedagóxico só o ten unha minoría dos 70 museos e coleccións visitables. «Queda moito por facer, aínda que a situación mellorou», dixo Felipe Arias, director xeral de Patrimonio.